

Persoal e contratación

Persoal

Casa do Concello
Rúa Oriente, nº 11 – 1ª andar
36880 A Cañiza (Pontevedra)
Tel.: 986 651000 – 986 651001 – 986 651503
Fax: 986 651190

Horario: de Luns a venres de 9:30 a 13:30 horas
Sábados: de 9:30 a 13:30 horas

Neste departamento o cidadán pode obter información sobre calquera aspecto relacionado cos seguintes temas:

- Convocatorias do Concello de prazas de persoal e das súas bases.
- Contido da oferta pública de emprego deste municipio.
- Selección de persoal: interino, contratado laboral temporal.
- Datas de publicación e prazos de presentación de instancias para a cobertura das prazas.
- Bolsas de prácticas nos Centros Turísticos Municipais durante a tempada de verán

Contratación

Este departamento facilita os pregos de condicións económicos, administrativos e técnicos e informa sobre expedientes en curso, condicións de contratos e proxectos de execución de obras.

Encárgase de tramitar as licitacións, os expedientes de contratación de obras de investimento, obras de mantemento, subministracións, compras e adquisicións, consultorías, asistencia técnica e proxectos de obras municipais. Ademais realiza o seguimento xurídico-administrativo de obras municipais en materias de publicidade, incidencias, modificacións, revisións de prezos, sancións, liquidacións e recepcións.

Intercambia información coa Intervención municipal sobre aspectos económicos das contratacións e cos técnicos responsables da dirección facultativa ou supervisión dos contratos e realiza a tramitación administrativa das certificacións de obras, servizos, subministros, adquisicións e honorarios derivadas dos contratos tramitados co fin de realizar a comprobación, aprobación e notificación e de efectuar a devolución de fianzas dos contratos.